



# Boletín Informativo do Concello



Nº: 56 ... .. MARZO 2012

## Avisos.

\*Curso de Primeiros Auxilios durante as fins de semana do mes de marzo, ofertado pola Cruz Vermella de Arzúa, máis información no teléfono 981 500 589.

\*A Asociación de Mulleres Rurais A Anduriña de Boimorto organiza cursos anuais de Pilates e de Batuka para todos os colectivos. Deberá haber un mínimo de 10 participantes e terá un custo anual de 60€.

Terá lugar todos os martes ou os xoves, a escoller entre os participantes, así como, o lugar onde se impartirán. Para anotarse e máis información chamar ao 608 642 539 a partir das 5 da tarde.

## Deportes.

\*LIGA INTERMUNICIPAL FÚTBOL SALA EN IDADE ESCOLAR: comezará o sábado 17 deste mes. Este ano participan os concellos de: Arzúa, Boimorto, Curtis, Frades, Melide, O Pino, Ordes, Toques, Touro e Vilasantar. Rematará no mes de xuño coa disputa das semifinais e finais entre os 4 primeiros clasificados de cada categoría. Boimorto participará coas categorías Benxamín, Infantil e Feminino.

\*LIGA DE TIRO CON ARCO: o pasado sábado día 3 tivo lugar o 5ª xornada de liga por equipos. A competición tivo lugar no polideportivo do concello veciño de Melide.

O sábado 31 disputarase a última xornada (6ª), e unha vez rematada e

obtida a clasificación procederase á realizar a final (eliminatoryas). O 1º clasificado da liga medirase ó 8º, o 2º ó 7º, e así sucesivamente. Esta competición terá lugar no concello de Sobrado

\*EXCURSIÓN Á ESTACIÓN DE ESQUÍ DE LEITARIEGOS: ante a falta de neve deste ano (actualmente a estación ten 4,8 kms de 7 posibles e 8 de 11 pistas abertas con espesores de 20 a 80 cms), estamos a espera de asegurar unhas boas condicións nas pistas para elixir o domingo da viaxe. Miraremos de realizala o 18 ou 25 deste mes, ou senón, trasladala para o mes de abril. Que o tempo acompañe!

## Cultura.

\*Aberto o prazo de solicitude de axudas a asociacións e outras entidades para o ano 2012, correspondentes ás áreas de Cultura e Deportes, Promoción Económica e Servizos Sociais da Deputación Provincial da Coruña, o prazo remata o 15 de marzo.

\*1 de abril - Domingo en horario de mañá: "O señor das dunas", un espectáculo familiar combinando animación teatral e oralidade (campana de dinamización lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística - *falaRedes*).

\*Día da Muller Traballadora, estamos organizando unha cea só para mulleres que terá lugar o próximo venres día 16 de marzo para conmemorar un día tan importante para todas. Para inscribirse

chamar o Concello, terá que haber un mínimo de 25 persoas inscritas.

\*Cine infantil: o domingo 18 de marzo ás 17:00 horas proxectarase unha película para os máis cativos na Casa da Cultura.

## *Axente Desenvolvemento Local*

**\*Programa de formación xóvenes desempregados menores de 30 anos.**

### Descrición das accións formativas:

- ✓ Comercialización de produtos da madeira para a rehabilitación de edificios.
- ✓ Execución de proxectos de rehabilitación e construción con madeira.
- ✓ Novas canles de comercialización de mobles para rehabilitación con aplicación de novas tecnoloxías.
- ✓ Execución de proxectos de instalación de mobles para a rehabilitación.

### Duración do curso:

- ✓ 300 h. en modalidade teleformación.
- ✓ 60 horas de prácticas non laborais:

### Requisitos para participar:

- ✓ Ser mozo/a menor de 30 anos, desempregado e con baixa cualificación.

### Contacto:

- ✓ 981-908377 preguntar por Carmen

**\*Programa INICIATIVA XOVE (DOG núm. 43 do 1/03/2012)**

### Obxecto:

- ✓ Proxectos de ocio e lecer educativo.
- ✓ Proxectos relacionados coa creación de espazos para a comunicación e coas novas tecnoloxías.
- ✓ Proxectos de fomento de actitudes creativas, emprendedoras, innovadoras e participativas da mocidade na súa comunidade e contorno, así como, de fomento de accesibilidade de mozos/as con discapacidade a actividades culturais e de tempo de lecer.

### Destinatarios/as:

- ✓ Grupos informais de mozos/as que desexen realizar unha iniciativa xuvenil (mínimo de 5 e máximo de 10 con idades entre os 18 e 29 anos)
- ✓ Asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á mocidade inscritas no censo oficial dependente organicamente da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Prazo: ata o 31 de marzo de 2012

Contía máxima da axuda: financiarase o 100% do proxecto presentado, sendo a contía máxima da axuda de 4.000 euros.

## *Servizos Sociais.*

**\*Cita previa:** deberase solicitar **cita previa para acudir aos Servizos Sociais do Concello, atenderase no Centro Social de Maiores de Boimorto. Teléf.: 981 51 60 75.**

\*Recordamos que o prazo de renovación das Pensións non Contributivas remata o 29 de marzo, todo aquel que non o fixera pase polos Servizos Sociais para tramitar a renovación.

\*A partir do 15 de marzo a Psicóloga do Concello atenderá aos usuarios na Miniresidencia, salvo urxencia, deberase solicitar cita chamando ao 981 51 62 10.

\*Informase aos veciños/as de que o vindeiro 15 de marzo iníciase a actividade na Miniresidencia e Centro de Día.

A información referente a este servizo darase nos Servizos Sociais ata a apertura do Centro, a partires desa data poderán achegarse ata a Miniresidencia onde se lle dará cumprida información sobre prezos, actividades,...